

Anuncio de regata (regulamento técnico)



Campionato Universitario Xunta de Galicia VELA 2026

Centro Galego de Vela
Vilagarcía de Arousa

Xoves, 26 de febreiro 2026

INDICE

1.- Organización	3
2.- Regras	3
3.- Elixibilidade, inscricións e rexistro	3
4.- Programa	4
5.- Instalacións e embarcacións	4
6.- Formato de competición.....	4
7.- Participación e inscricións por universidades	4
8.- Accidentes e seguro escolar.....	4
9.- Trofeos.....	5
10.- Clasificación.....	5

1. Organización.

1.1 O Área de Deportes da Universidade da Coruña e a Real Federación Galega de Vela, organiza o **Campionato Galego Universitario de Vela 2026** (CGUV).

1.2 O campionato desenvolverase nas instalacións deportivas do Centro Galego de Vela de Vilagarcía de Arousa o **xoves 26 de febreiro de 2026**.

1.3 Na instalación deportiva haberá persoal técnico da Área de Deportes da UDC, que atenderá as dúbidas e suxestións que poidan existir.

1.5 A **Coordinación Xeral** deste Campionato estará a cargo de Manolo Moya, Coordinador de Deportes da UDC, que atenderá calquera suxestión, Telf: 881011907; m.moya@udc.es

2. Regras.

2.1. O II CGUV se rexerá polas regras, tal e como se definen no Regulamento de Regatas a Vela en vigor.

2.3 Os regulamentos de competicións da RFGV

2.4. O apéndice de arbitraje incluído nas instrucións de regata será de aplicación

2.5. [DP] As regras de uso das embarcacións incluídas nas instrucións de regatas

2.6. [DP] Se modifica a RRV 40 no sentido de que será de aplicación en todo momento mentres os regatistas estean a flote.

2.7. Engádesse a regra 41: “e) axuda para recuperar do mar e embarcar un tripulante, a condición de que este se produza na situación aproximada onde foi rescatado.

2.8. As decisións do Comité de Protestas serán inapelables de acordo con RRV 70.5(a).

2.9 En tódalas regras que rexe o CGUV a notación [NP] fai referencia a que unha infracción a esa regra non será motivo de protestas entre barcos. Isto modifica RRV 60.1(a).

2.10 Para todos aqueles aspectos que non veñan reflectidos nin no AR nin nas IR, o CGUV rexerase segundo o Regulamento Técnico do CEU 2026.

3. Elixibilidade, inscricións e rexistro.

3.1 Poderá participar calquera persoa pertencente a Comunidade Universitaria das 3 universidades galegas.

3.2 Será obrigatoria ter a licenza federativa de vela, como deportista, en vigor, cumprindo co regulamento de licencias da Real Federación Española de Vela.

3.3 Os participantes deberán realizar as inscricións a través do departamento de deportes da súa universidade. As Universidades participantes responsabilízanse de garantir que as tripulacións inscritas, teñen o nivel mínimo de experiencia no manexo de embarcacións de características similares aos ELLIOT 6M.

3.4 Os equipos estarán formados por 3 ou 4 regatistas, debendo ser sempre mixtos, si son de 3 regatistas a lo menos deberá haber un de distinto sexo, si son 4 haberá o 50% de cada sexo.

3.5 Non existirá limitacións de peso das tripulacións.

3.6 O número máximo de tripulacións no CGU de Vela é de 12 e o número de tripulacións por Universidade quedarán distribuídas desta maneira:

- 3 tripulacións por Universidade (Universidade da Coruña, Universidade de Vigo, e Universidade de Santiago de Compostela)
- Neste primeiro punto, existirán 2 tripulacións extra a repartir entre estas 3 Universidades en función das necesidades das mesmas. A distribución delas se existe máis dunha Universidade interesada será mediante un sorteo e distribuiranse de maneira alterna.
- A estas dúas tripulacións extra, poderanse sumar tripulacións que non queden cubertas por algunha das 3 Universidades.

3.7 Os participantes farán a acreditación na oficina de regatas entre as 10:00 h. e as 10:30 h. con calquera dos seguintes documentos: DNI, carné de conducir ou pasaporte e a licencia federativa.

Non se permitirán modificacións de tripulantes non solicitadas previamente aos correspondentes Servizos de Deporte das Universidades.

4. Programa.

Horario	Actividade
10:00 h.	Chegada das delegacións e acreditacións
10:30 h.	Reunión técnica
12:00 h.	Comezo da regata. Hora límite de finalización ata 1 hora antes do solpor
13 a 15 h.	COMIDA: Entregaránse bolsas de picnic a todos os participantes
Ao remate	Entrega de Trofeos
	Saída das expedicións.

5. Instalacións y embarcacións.

5.1 O campionato desenvolverase nas instalacións deportivas do Centro Galego de Vela de Vilagarcía de Arousa.

5.2 As embarcacións nas que levarase a cabo o campionato serán 6 barcos ELLIOT 6M e serán proporcionadas pola organización, adxudicándose por sorteo.

5.3 Ante calquer problema que poda xurdir pola embarcación adxudicada a un equipo non caberá reclamación fora do previsto no RRV.

5.4 Todos os regatistas levarán vestimenta e equipo de flotabilidade persoal.

6. Formato de competición

6.1 O formato de competición variará en función do número de equipos inscritos.

6.2 O formato de competición virá definido nas instrucións de regata.

7. Participación e inscricións por Universidade

7.1 As universidades deberán enviar ás inscricións das súas tripulacións por correo electrónico a m.moya@udc.es e responsabilizarse de aportar todos os datos da

inscrición e facelo co debido rigor. A data tope de inscrición é o xoves 19 de febreiro as 14:00 h.

8. Accidentes e seguro escolar.

8.1 No caso de calquera accidente no transcurso da competición, os accidentados deberán cumprir co protocolo de actuación marcado pola federación que expedirá a súa licencia, ou ben polos correspondentes seguros escolares de cada unha das universidades participantes cos seus correspondentes protocolos.

8.2 No caso de federados en Galicia, pódese consultar o protocolo na web: www.rfgvela.es no apartado “Licencias Federativas”

9. Trofeos.

9.1 Haberá trofeo para os 3 primeiros clasificados polo sistema de competición que se determine.

10. Clasificación.

10.1 A orde de clasificación das Universidades, dará os conseguintes representantes de Galicia no CEU de Vela 2026, pendentes do número de prazas que o CSD asigne a nosa Comunidade Autónoma, e sempre en aplicación da normativa de participación nos CEU 2026 das propias Universidades.